



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10 DE XANEIRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00000447B.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 29 de novembro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 30 de novembro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 2 de decembro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 3 de decembro de 2021.
- Ordinaria de data 7 de decembro de 2021.
- Ordinaria de data 13 de decembro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 14 de decembro de 2021.
- Ordinaria de data 20 de decembro de 2021

2. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: FACTURA 2021/5858 BAYGAR, S.L..

Corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno do 30.12.2021 de convalidación da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente á subministración de 2 puntos limpos móbiles (factura BAYGAR, S.L. nº 2021/5858).

Acórdase:

PRIMEIRO.- Correxir o erro do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión extraordinaria o 30 de decembro de 2021 relativo ao expediente de "Convalidación da función interventora pola subministración de dous puntos limpos móbiles no Concello de Santiago de Compostela" no senso que se indica de seguido:

Onde dí: "Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 60.500,00 euros correspondentes á factura nº 2021/6948 que se imputará a aplicación orzamentaria 020 16210 6230001 2021 3 RESID 53 1 Debe decirse: "Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 60.500,00 euros correspondentes á factura nº 2021/5858 que se imputará a aplicación orzamentaria 020 16210 6230001 2021 3 RESID 53 1"

E na parte dispositiva do acordo, debe suprimirse o punto terceiro:

"3. Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para que se eviten eses prexuízos.

SEGUNDO.- Notificar á Servizos Económicos este acordo aos efectos da toma de razón do mesmo no seu senso correcto e proceder ao pago da factura F/2021/5858"

3. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: FACTURA 2021/6823 BERCA BRAND, SL.

Corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno do 30.12.2021 de convalidación omisión da función interventora pola subministración de 600 composteiros individuais de exterior, aireadores, termómetros para compostaxe doméstica e subministración, transporte, descarga e montaxe de unidades modulares de compostaxe. (Factura BERCA BRAND, S.L. Nº 2021/6823).

Acórdase a corrección dos erros observados :

PRIMEIRO: Onde dí:

“1.Data e periodo de realización: Factura nº 2021/6823 por importe de 40.585,09€, expedida por CONTENUR SL correspondente á subministración de 600 composteiros de exterior , aireadores, termómetros para compostaxe doméstica e subministración transportes descarga e montaxe de unidades modulares de compostaxe”

Debe dicir :

“Factura 2021/6823 BERCA BRAND SL (...)

1.Data e periodo de realización : Factura nº 2021/6823 por importe de 40.585,09€, expedida por BERCA BRAND SL correspondente á subministración de 600 composteiros de exterior , aireadores, termómetros para compostaxe doméstica e subministración transportes descarga e montaxe de unidades modulares de compostaxe”

E na parte dispositiva do acordo, debe suprimirse o punto terceiro:

“3. Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para que se eviten eses prexuízos

SEGUNDO.- Notificar á Servizos Económicos este acordo aos efectos da toma de razón do mesmo no seu senso correcto e proceder ao pago da factura F/2021/6823 da empresa BERCA BRAND SL.

6. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020328P.

Resolución de incidencias de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado de centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2021/2022.

Acórdase:

PRIMEIRO. Aprobar as renuncias presentadas na convocatoria de bolsas de comedor por catro familias solicitantes.

SEGUNDO.- Que, de acordo coas modificacións indicadas anteriormente, o importe total das concesións aprobadas na Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar do día 2/11/2021, polo que se aprobou a proposta da resolución definitiva verase reducido na contía de 2.965,50 €, a anualidade 2022, quedando totalizada a anualidade 2022 na contía de 384.757,00 €, en lugar de en 387.722,50 €, o que provoca que a convocatoria 2021-2022 quedará totalizada na contía de 640.229,80 €, en lugar de en 643.195,30 €.

TERCEIRO.- Que dita resolución deberá ser notificada ás persoas interesadas consonte ao establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00000447B.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 23 de decembro de 2021 ao 5 de xaneiro de 2022.